

 XUNTA DE GALICIA	C.E.I.P. Plurilingüe FRIAN - TEIS
	Rúa Gonderán 42 - 36206 VIGO (PONTEVEDRA) Telf: 886 12 01 61 - Fax: 886 12 01 62; CIF: S-8600032-J e-mail: ceip.frian.teis@edu.xunta.es - http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/

CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

MODIFICACIÓN QUE ATENDE A ORDE do 25 de xaneiro do 2022.

1º -3º -5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Promocionarán de xeito automático todo o alumnado do 1º ,3º E 5º de educación primaria.

Sempre que non se supere algunhas das áreas ou se detecten dificultades en calquera momento do proceso de aprendizaxe estableceráanse as medidas de reforzo que se consideren máis axeitadas.

2º e 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O equipo docente é o que toma as decisións da promoción ou non do alumnado, analizando de xeito individualizado cada caso. Promocionarán os alumnos/as que teñan acadadas as competencias en todas as áreas e os que superen as competencias Lingüística e Matemática, aínda que teñan outras dúas áreas do currículo con avaliación inferior a cinco.

Se o caso dun alumno/a non correspondese con ningunha destas situacións, analizarase o que sexa máis axeitado e beneficioso para o alumno/a.

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao finalizar cada curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo en conta si superou os mínimos esixibles . A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de

promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O alumno ou a alumna superará 6º curso sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Como criterios xerais para tomar a decisión de NON PROMOCIÓN do alumnado, tomaranse en conta os acordos aos que se chegaron nas reunións de nivel e foron aprobadas pola CCP e reflectidas no NOFC:

Dúas materias consideradas instrumentais (Lingua Galega, Lingua Castelá e matemáticas).

Unha materia instrumental e outra: Valorar outros aspectos no proceso avaliativo e consensuado pola xunta de avaliación.

Neste caso o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación das ditas aprendizaxes que se plasmará nun Plan específico de Reforzo Educativo.

Segundo a ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

A ORDE DO 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, non deroga o artigo 5 da ORDE de 9 de xuño de 2016 antes mencionada, no que se establecen os criterios de mención honorífica polo que estes siguen vixentes.